
 <b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 <b>XACOBEO 2010</b> Galicia
--	--	--

## FICHA RESUMO

PE 403A 2009/40-5

<b>Ano</b>	2010
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE PESCADORES DE BAIONA
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	AUTORIZACIÓN
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	MARISQUEO DENDE EMBARCACIÓN

<b>Especies</b>	Ameixa rubia ( <i>V.rhomboides</i> ), ameixa babosa ( <i>V.pullastra</i> ) e reloxo ( <i>D.exoleta</i> ).
<b>Ambito do plan</b>	Enseada de Baiona
<b>Subzonas de explotación</b>	

Participantes no plan de explotación		
<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	26	47
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>Non</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
<b>Días máximos de extracción</b>	80											
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>	de marzo a abril e de xullo a setembro, cunha veda de dous meses en maio e xuño..											
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>:</b>												
xan	feb	mar	abril	Maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
		X	X			X	X	X				

Topes de captura		
<b>Especies</b>	<b>Embarcación/día</b>	<b>Tripulante enrolado e a bordo/día</b>
Ameixa rubia	4 kg	2 kg
Ameixa babosa	16 kg	8 kg
Reloxo	Na apertura	Na apertura

Para a posible explotación do reló deberá agardarse ao que indiquen os resultados do estudo que se está a levar a cabo.

<b>Artes a empregar</b>	Raño ou angazo, segundo o establecido no Decreto 424/1993.
-------------------------	--

<b>Puntos de control</b>	Embarcación da confraría e lonxa de Baiona
<b>Puntos de venda</b>	Lonxas de Baiona e Vigo

<b>Accións a realizar<sup>(7)</sup></b>	<b>Épocas probables<sup>(8)</sup></b>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembr</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010  
Galicia

<b>Sementeiras</b>										X	X		
Zonas: zona de autorización													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
<b>Traslados</b>													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
<b>Rareos</b>													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
<b>Limpezas e arados</b>													
Zonas:													

**Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

**Especies:** exclúense a chirla, cornicha e croque bravo por non existir capturas nin vendas destas especies dende hai anos. Igualmente, non se indican obxectivos de produción para a chirla nin o croque bravo.

**Participantes:** segundo os datos dos que dispón a Consellería do Mar, o número de embarcacións que conta coa modalidade de marisqueo (Z1) no seu permiso e están asociadas á confraría de Baiona é de 26.

**Proposta de ampliación:** Xunto ao plan achégase propostas de modificación do plan introducidas polo xunta xeral da confraría. Dita proposta presentada pola confraría foi posterior á aprobación do plan de explotación presentado polo colectivo de marisqueo dende embarcación e sen a aprobación deste. A proposta pode resumirse en: aumento de 7 embarcacións tanto para as zonas de autorización como para as zonas de libre marisqueo da ría de Vigo. Esta proposta está condicionada por una serie de normas, que non se axustan á normativa en vigor, para realizar a inclusión das embarcacións solicitadas.

Recordar que non é posible a expulsión das embarcacións sempre e cando cumpran cos requisitos establecidos na normativa vixente e que para a inclusión de novas embarcacións no plan farase de conformidade co estado do recurso, a evolución do plan e da situación social do sector e que unha vez que fose aprobada tal incorporación, farase aplicando o baremo aprobado pola Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños.

Tamén hai que recordar que a Orde de 26 de outubro de 2004, na súa disposición adicional 3ª, reflicte que non se poderá incrementar ata que se dispoña o contrario, o raño, a gancha e o angazo, coas que tradicionalmente se ven exercendo o marisqueo dende embarcación. Así, polo tanto, á vista de todo o anteriormente exposto non se considera viable a ampliación solicitada.

**Calendario de extracción:** en caso de que nas zonas de libre marisqueo da ría de Vigo se siga realizando actividade durante o mes de marzo, poderá pecharse este plan durante o mes de marzo.

**Cotas máximas de captura:** tendo en conta as mostraxes realizadas en setembro e a CPUE acadada durante o ano 2008, é posible aumentar a cota máxima de ameixa babosa ata 8



kg/tripulante enrolado e a bordo/día.

O número máximo de cotas por embarcación é de 2. Para o ano 2009, aceptouse o establecemento de 2 cotas/embarcación, que poderá modificarse sempre que así o acorde a xunta xeral da confraría e o colectivo de mariscadores a flote e exista avaliación biolóxica favorable. Os acordos anteriores deberán ser debidamente acreditados ante o departamento territorial.

**Accións de mellora:** As accións de melloras non están desenvoltas, polo que non poden ser valoradas. Calquera petición requirirá da descripción das zonas, metodoloxía e calendario de actuacións.

**Normas do plan:** En relación coa posibilidade contemplada no plan de explotación de que por incumprimento dalgunha das normas os participantes poden ser sancionados incluso coa expulsión do plan sinalar que calquera privación do dereito de exercer a actividade marisqueira por parte dunha confraría a través dun procedemento sancionador sen que implique a perda da condición de socio non está contemplada na normativa que regula a explotación de moluscos nin o permiso de explotación. A persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador.

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguemento do banco deberán ser remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

**Recomendacións** para a mellora do plan:

- Indicar o funcionamento e responsables do punto de control